XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe de Carnota
Praza de San Gregorio 20 CARNOTA 15293
Tfno 881866796- 881866795 Fax: 881866797
ceip.carnota@edu.xunta.es

Manual básico sobre normas asociadas ao protocolo COVID-19 do CEIP Plurilingüe de Carnota.



Figura 2 – Instrucciones de colocación de la mascarilla higiénica

USO DA MÁSCARA:

- O alumnado acudirá ao centro coa máscara posta, tanto se ven a pé coma no transporte escolar. No caso de considerar que non pode traela, deberá xustificarse a través de informe médico.
- O alumnado deberá traer máscara de reposto e unha funda para gardala.
- O alumnado de EI gardará a máscara unha vez na aula, ata a saída.

ACCESO AO CENTRO:

- O **alumnado transportado** empregará a **entrada principal**. O profesorado de garda velará por que se manteña a distancia de seguridade e as medidas de protección e hixiene. Dirixiranse directamente á súa aula onde estará o profesorado agardando.
- O **alumnado non transportado** empregará como acceso o **portalón entre o edificio principal e o do ximnasio**, onde agardará coa persoa acompañante para unha entrada ordenada a través da denominada aula de paso (aula que comunica o corredor do centro co acceso ao ximnasio). Somentes está permitido un acompañante por alumno, que deberá empregar máscara e será responsable do alumno/a ata que este acceda ao interior do centro (edificio principal).
- A porta principal e o acceso sinalado para alumnado non transportado **abrirase a partir das 9:30 e estará aberta ata as 9:45**. Excepcionalmente, a porta principal poderá permanecer aberta máis tempo, se é necesario para a entrada de todo o alumnado do transporte escolar .

SAÍDA DO CENTRO:

- As saídas serán polo mesmo punto de acceso polo que realizan a entrada, segundo sexan usuarios do transporte ou non. Comezarase por EI, non antes das 14:35 (coa marxe necesaria para garantir a saída ordeada deste alumnado). Somentes poderá acudir unha persoa a recoller a cada alumno/a. Esta persoa é responsable de facer a espera gardando as debidas medidas de seguridade e hixiene.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe de Carnota
Praza de San Gregorio 20 CARNOTA 15293
Tfno 881866796- 881866795 Fax: 881866797
ceip.carnota@edu.xunta.es

ACCESO OU RECOLLIDA FORA DO HORARIO HABITUAL:

- Realizarase pola porta principal. Lembramos que dita entrada pecha ás 9:45, polo que será preciso evitar os retrasos e empregar só en caso necesario o acceso fóra de hora. Deberán agardar a que algún membro do persoal abra a porta. Para a recollida deberán cubrir un xustificante que estará dispoñible no corredor. Deberá facerse unha desinfección previa das mans.

MEDIDAS PREVIAS AO ACCESO AO CENTRO:

- As familias verificarán na casa que o alumnado non amose sintomatoloxía compatible co COVID-19. **No caso de amosar un ou máis dos síntomas non deberá enviar ao alumnado ao centro**, notificarán por correo electrónico ao enderezo ceip.carnota@edu.xunta.gal ou por teléfono dita circunstancia. En caso de facelo telefonicamente, deberán despois notificalo de xeito que quede constancia (escrito ou por correo electrónico). Deberán contactar co seu centro de saúde e seguir o criterio do/a pediatra para o envío ou non do alumnado con sintomatoloxía ao centro. No seguinte cadro recóllese a sintomatoloxía segundo o protocolo da Consellería:

Presentou nas últimas 2 semanas?		*SI*	*NON*
Síntomas respiratorios	**Febre maior de 37,5ºC**		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	**Fatiga severa (cansazo)**		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

- No suposto de ter **constancia do contacto cun posible positivo** o alumnado non poderá asisitir ao centro e a familia contactará co seu centro de saúde.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe de Carnota
Praza de San Gregorio 20 CARNOTA 15293
Tfno 881866796- 881866795 Fax: 881866797
ceip.carnota@edu.xunta.es

SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE NO CENTRO:

- No caso de que o alumnado presente sintomatoloxía compatible no centro, o alumno afectado será levado á Sala Covid, onde permanecerá illado baixo a supervisión dun membro do profesorado. O centro notificará á familia dita circunstancia e deberán vir recollelo o antes posible e contactar co seu centro de saúde.
- Os casos detectados no centro serán así mesmo notificados ao centro de saúde de referencia do colexio.

FALTAS DE ASISTENCIA:

- As faltas de asistencia debidas a sintomatoloxía ou confinamento por posibles contactos terán a mesma consideración de **falta xustificada** que as asistencias por consulta médica e chegará coa notificación por escrito (en papel ou correo electrónico) ao centro a través das titorías ou directamente ao correo ceip.carnota@edu.xunta.gal facendo constar o nome completo do alumno/a e curso no asunto. O aviso por teléfono non terá validez a efectos de xustificación.

MATERIAIS, ROUPA E ENSERES DO ALUMNADO:

- Recoméndase que o alumnado non traia ao centro máis que o necesario.
- Roupa, mochila, libros, cadernos... deberán vir debidamente identificados co nome do/a alumno/a.
- Deberá traer merenda, xa que non se permite que a compartan.

GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA:

- Cada grupo será un grupo de convivencia que se manterá estanco dende a súa entrada á súa saída do centro, atendido por persoal fixo.
- Aínda sendo grupo de convivencia, na aula manteremos a distancia mínima de 1,5 m. En infantil en grupos cooperativos estables de 5 alumnos, en primaria cunha disposición dos pupitres que garanta sempre esa separación ou superior se a aula o permite.
- Os recreos serán sen contacto con outros grupos, para o cal se habilitarán diferentes espacios e se estableceran quendas xogando co tempo de lectura.

CEIP Plurilingüe de Carnota
Praza de San Gregorio 20 CARNOTA 15293
Tfno 881866796- 881866795 Fax: 881866797
ceip.carnota@edu.xunta.es

- O centro tentará na medida do posible o mantemento dos grupos estables asignando como profesorado de substitución a docentes que xa atendan ao grupo.

TRANSPORTE ESCOLAR:



- O alumnado transportado terá asignado asento fixo no transporte e deberá empregar máscara. Os asentos asignaranse seguindo o criterio de irmáns xuntos e despois atendendo á pertenza ao mesmo grupo clase sempre que sexa posible. En todo caso, buscarase que o alumnado sempre teña de compañeiro/a a algún do seu núcleo familiar ou do seu grupo de convinvencia estable reservando, no caso de ser posible, un asento valdeiro ao carón dos que non teñen compañeiro de clase ou irmán co que ir.
- As autorizacións de transporte excepcional poderán ser suspendidas de recibir instrucións ao respecto por modificacións na normativa de transporte. Mesmo no caso de usuarios lexítimos, atendendo á menor distancia ao domicilio

PREGUNTAS E DÚBIDAS:

As familias con dúbidas sobre cuestións relativas á organización, protocolos, etc, poderán envialas a través do enderezo electrónico: **ceip.carnota@edu.xunta.ga**l. O centro tentará dar a resposta o antes posible e porá ademais as aclaracións oportunas na web do centro e remitirá información a través de ABALAR MÓBIL.